

Profunda mirada

BD Os deseños da película de Miguelanxo Prado ‘De Profundis’

No pasado ano 2007 estreábase a película *De profundis*, un persoal proxecto de Miguelanxo Prado que tivo a súa orixe nunha serie de pinturas ao óleo, as cales lle inspiraron ao debuxante unha singular historia. No relato nacido deses cadros, escrito polo propio Prado, amor e arte únense artellando unha trama que ten como acontecemento central a viaxe submarina –e alegórica– do pintor protagonista. Á hora de levar

esta ficción á pantalla, o autor valseuse dunha sinxela animación dos seus deseños, completada coa música de Nani García. Pero ademais do filme, e como é habitual nestes casos, o proxecto *De Profundis* deu como froito un libro co mesmo título, aparecido primeiramente en castelán baixo o selo de Norma. O volume que acaba de publicar El Patito Editorial non é outra cousa que a tradución da publicación en castelán, na que se recollen os de-

De profundis ·
Miguelanxo Prado ·
El Patito
Editorial, 2008 ·
90 páx · 18 euros



seños de Prado acompañados do texto. Como extra inclúense unhas páxinas de bosquejos que completan a edición e que se reúnen baixo o suxerente título de “Caderno de bitácora”. Tanto en castelán como en galego, a publicación responde ao que se agarda dun deses libros que acompañan películas, co engadido de que a obra de Miguelanxo é sempre un regalo para a vista e de que a historia resulta en si mesma atractiva polo seu ambiente ma-

riñeiro, o carácter mitolóxico dos seus personaxes –especialmente os habitantes das profundidades– e unha expresión próxima á poética que por veces atopa notables acertos no texto de Prado.

De profundis conta a historia dun pintor e dunha violonchelista que habitan unha casa no medio do océano. O pintor adoita acompañar os mariñeiros dunha vila próxima nas súas travesías e, nunha delas, o barco vese sorprendido por un temporal que dará con tódolos mariñeiros, pintor incluído, no fondo do mar. A partir dese momento, o pintor comeza unha viaxe polo fondo do mar na que se atopará con moitas das criaturas que el mesmo imaxinou nos

seus cadros, converténdose, desta maneira, as pinturas mesmas en protagonistas. Esta viaxe alegórica polo fondo mariño –que é, ao mesmo tempo, un encontro do pintor coa súa creación e un recoñecemento da súa propia morteculminará nunha demostración de amor cara á muller que agarda na casa do océano. Así pois, poderíamos dicir que *De profundis* non é senón unha historia de amor que atopa na arte a súa mellor expresión. Unha historia en que os impecables deseños de Miguelanxo son quen de levarnos a un océano de seres maravillosos e lugares nunca imaxinados, que tal vez só a mirada deste debuxante nos podería brindar. // **M. L.**

